



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE XÓVES EMPRESARIOS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO GLOBAL ENTREPRENEURSHIP MONITOR (PROXECTO GEM) EN ESPAÑA A NIVEL REXIONAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar con a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Federación Galega de Xoves Empresarios (FEGAXE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración para a realización e execución dos traballos do Proxecto GEM en España a nivel rexional, concretamente en Galicia, durante o ano 2016. Estes traballos son:

- *Redacción, edición, impresión, presentación pública e difusión do informe rexional edición 2015.*
- *Enquisa poboación adulta APS durante ano 2016.*
- *Entrevista a expertos NES durante ano 2016.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. Igualmente entre os seus obxectivos están o de facilitar ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e



desenvolvemento das mesmas. A Lei 9/2013, de 19 do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, na Disposición Adicional Segunda, establece que o IGAPE terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.

A USC é unha entidade que desenvolve actividades de Investigación, Formación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico e posee experiencia probada no desenrolo de estudos no ámbito do emprendemento e a transferencia de tecnoloxía entre os grupos de investigación e o sector productivo, estando por elo o IGAPE interesada en contratar o seus servizos, ao amparo do artigo 83 da Ley Orgánica de Universidades (Ley 6/2001, de 21 de decembro modificada pola Ley 4/2007, de 12 de abril), e resto de lexislación aplicable.

A FEGAXE é unha entidade sen ánimo de lucro e de carácter multisectorial, constituída en data 28 de novembro de 2008 e inscrita ante o Servizo de Relacións Laborais, da Dirección Xeral do mesmo nome dependente da Consellería de Taballo e Benestar da Xunta de Galicia, con número de depósito 72-1051-2009. Ten entre os seus obxectivos, dentro do seu ámbito autonómico de actuación: promover vocacións empresariais entre os mozos galegos, fomentar o autoemprego e a creación de empresas, atender as necesidades de información, formación, asesoramento e perfeccionamento dos seus membros, actuar en apoio da empresa e aumentar a colaboración e desenvolvemento de sinerxías para potenciar ás empresas socias das distintas asociacións membro. Integra ó colectivo de empresarios menores de 40 anos da Comunidade Autónoma de Galicia, de todos os sectores de actividade, converténdoa nun interlocutor privilexiado cos xoves empresarios e emprendedores.

O Proxecto GEM é un programa mundial de investigación, difusión e compromiso académico, que se reflicte nun programa sistemático de recopilación, preparación de informes e coleccións de datos, así como na creación de varias actividades deseñadas para beneficio e axuda de investigadores e responsables de políticas e programas públicos no campo da creación de empresas. Este proxecto foi posto en marcha a nivel mundial pola London Business School e o Babson College, e réxese por ciclos anuais cun estrito calendario que vén determinado polos órganos do GEM Consortium. O elemento clave que caracteriza e diferenza ao Proxecto GEM doutras fontes de información sobre o fenómeno emprendedor ou a creación de empresas, é a utilización dunha metodoloxía de investigación propia e común en todos os países e rexións participantes, o que lle permite proporcionar información comparable entre territorios. A clave desta metodoloxía é a homoxeneidade das ferramentas empregadas para recoller a información, e o feito de traballar como fonte independente complementada polas fontes xa existentes sobre indicadores socioeconómicos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a quince de xullo de 2016.

Norberto Penedo Rey
Director da Área de Competitividade do Igape